



Asunto: Resolución pola que se publica o resultado da proba de coñecemento da lingua galega

O día 30/12/2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución do 29 de decembro de 2022 pola que se convoca o proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da *Lei 20/2021, do 28 de decembro*, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de **concurso oposición**, para o ingreso en diversas categorías da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA).

De conformidade co establecido no apartado II das Bases que rexen o dito proceso selectivo a proba de coñecemento da lingua galega será obrigatoria e eliminatória para as persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión ou en condicións de obter o día da publicación do anuncio da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), o nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso á categoría ao que participan.

Consonte co establecido no apartado II.5 das ditas bases o chamamento para cada exercicio será único, de xeito que as persoas aspirantes que non comparezan será excluídas.

O día 01.12.2023 celebrouse a proba de coñecemento da lingua galega, para a que estaba convocada a persoa que se indica a continuación.





Dado que esa persoa non compareceu á proba, a Comisión de Selección ACORDA excluilo do proceso selectivo, tal e como figura no cadro seguinte:

DNI	Apelidos e Nome	Categoría	Resultado
5475*	Vivanco Salvatierra, Edwin Raúl	Xefe de Brigada	Excluído

A secretaria da Comisión

Visto e prace

A presidenta da Comisión

Marta Vázquez Rodríguez

Marta Forés Lojo

